



## Descrición

O servizo nace da necesidade de mellora no proceso de integración sociolaboral de persoas excarceradas, en proceso de excarceración ou con antecedentes penais en Carballo e o seu entorno, para o que se propón o deseño de itinerarios personalizados de inserción, onde, partindo da realidade do seu contexto e da maneira máis individualizada posible desenvolvan as competencias persoais, profesionais e dixitais, nun sector con demanda de emprego, para favorecer a súa volta a vida en liberdade.

O deseño dos itinerarios ten o fin último a inserción laboral. É por iso que dentro deles inclúese unha formación en consonancia coa demanda laboral actual, Limpeza e desinfección. Ademais as persoas participantes estarán incluídas nos programas de orientación laboral da entidade para traballar en profundidades as competencias persoais e profesionais e que poidan desenvolvelas e manifestalas adecuadamente como primeiro paso para a súa inclusión no mercado laboral e na sociedade.

## Datas de realización da actividade

Do 19/10/2020 ata 30/11/2020

## Obxectivo

Facilitar a integración na comunidade das persoas recentemente excarceradas, en proceso de excarceración o con antecedentes penais, mellorando a súa cualificación profesional e competencias persoais, mediante itinerarios personalizados de inserción.

## Número de participantes previsto

10

## Actividades:

- A. Formación ocupacional: “Limpeza e desinfección” (50h).** Realizarase cunha metodoloxía e-learning, que fomenta a autonomía como sistema de traballo, onde o alumnado asume a responsabilidade do seu proceso de aprendizaxe, adaptándoo ao seu ritmo de traballo e ás súas propias necesidades, o que esixe unha maior implicación pola súa banda.
- B. Servizo de orientación laboral.**
- C. Taller Busca de emprego a través das novas tecnoloxías**